



Xosé María Álvarez Blázquez. // Ed. Galaxia

Letras Galegas

O home cíclico

Unha ollada ás achegas á figura de Álvarez Blázquez

En 1982, Xosé María Álvarez Blázquez, nunha entrevista radiofónica feita polo seu fillo Xosé María Álvarez Cáccamo –quen así o conta en *Tempo do pai*–, afirma o seguinte: “Son un home cíclico, sen camiños prefixados en liña recta. A miña actividade intelectual podería reflectir graficamente nunha serie de paralelas sinuosas” que van da escrita á arqueoloxía, do labor editorial ao campo da Historia, da filatelia ao folclore pasando polo estudo da literatura medieval e dos Séculos Escuros, o traballo de Cronista Oficial de Vigo e o título de membro numerario da Real Academia Galega. Unha diversidade de intereses tan grande que fai del, en palabras de Darío Xohán Cabana, “o intelectual máis completo, máis complexo e máis representativo do seu tempo”, eses 70 anos transcorridos entre o nacemento (Tui, 1915) e a morte (Vigo, 1985) de aquel a quen se dedica o Día das Letras Galegas este ano.

Como lembra Xavier R. Baixeras en *Escolma de familia* (2000), a saga dos Álvarez ten a súa data iniciática en 1900 cando o zamorano Emilio Álvarez Giménez publica un poema en galego no seu primeiro libro *Humildes*. Os fillos deste, Darío e Xerardo Álvarez Limeses serán nomes fundamentais nos comezos de século pola súa implicación con Galicia, labor continuado polos descendentes de Darío: Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez. En 1934, Xosé María entra no Partido Galeguista, onde coincide con Alexan-

dre Bóveda, casado cunha das súas curmáas, e cuxo asasinato en 1936, xunto co do seu propio pai, será un dos grandes golpes que a vida lle deparou só comparable á morte da súa filla Colorín en 1970.

Na preguerra comeza tamén a escribir conxugando poesía e prosa, castelán e galego, en obras como o poemario *Abril* (1932), a revista *Cristal* –fundada con Xoán Vidal Martínez– ou os contos d’*Os ruíns* –incluídos nun número da revista *Nós* que ficou inédito ao estalar a guerra– e que serán, xunto con *A pega rabilonga e outras historias de tesouros* (1971), a súa única mostra de relato. Nos anos corenta escribe novela –*El crimen de la isla verde* (1941), *En el pueblo hay caras nuevas* (1945, finalista do Premio Nadal), *Una cabaña en el cielo* (1952), *Las estatuas no hablan* (1955), *Crecen las aguas* (1956)– e, xunto co seu irmán Emilio, pezas dramáticas –*El zapatero de cristal* e *Los pazos altivos*–, ademais de *Poemas de ti e de min* (1949), libro onde, segundo Carlos L. Bernárdez, “podemos percibir a singularidade dunha voz, dun poeta pleno, lixeiro e denso, popular e renovador”.

Logo duns anos desterrado como mestre en Coreses (Zamora), funda en 1948 con Luís Viñas Cortegoso a librería Monterrey –antecedente da editorial homónima de 1950–, ao tempo que é nomeado Comisario de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo e dirixe prospeccións onde atopa pezas de grande valor que están hoxe no Museo Quiñones de León, no que sería desde 1980 xefe do Departamento de Histo-

ria. Mais o Álvarez Blázquez poeta aínda estaba por dar os seus meliores froitos, que oscilan entre a celebración da chegada da súa primeira filla (*Roseira do teu mencer*, 1950), o xogo de publicar unhas supostas cantigas medievas en edición para os amigos (*Cancioneiro de Monfero*, 1953), a poesía de circunstancias (*Romance do pescador pelerño*, 1954) e a escrita de *Canle segredo*, obra que gaña en 1954 o premio Eduardo Pondal do Centro Galego de Bos Aires pero que se edita en 1976, feito que supuxo un tremendo contratempo pois, como di Baixeras, “de publicarse entón, tería sido punto esencial de referencia do cambio de rumbo da poesía dos 50” dada a mestura de temas, como o social, o intimismo ou a reflexión sobre a problemática humana, orixinais daquela.

Antólogo, estudoso, articulista e editor son as facetas máis destacadas dun intelectual que, entre 1964 e 1979, grazas ás coleccións O Moucha e Pombal que forman parte de Castrelos, cumpre o seu soño de editar e distribuír por toda Galicia libros de baixo custo que acrecenten o consumo de literatura galega. E, tras décadas de entrega e esforzo a prol da nosa cultura nas súas diferentes manifestacións, Xosé María Álvarez Blázquez recolle en 1981 o Pedrón de Ouro, xusto premio para quen declaraba, no “Limiar” de *Canle segredo*: “Metido no meu mundo, nos meus libros, na miña ansia de saber, a Terra é o fito chantado no centro xeométrico do meu horizonte”. // **Teresa Seara**